



Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural II		Código	652111308	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
1º e 2º Ciclo	Anual	Terceiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas Pedagogía e Didáctica				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	<p>O Coñecemento do Medio Social e Cultural está estreitamente relacionado coas Ciencias Sociais. A adquisición de conceptos e metodoloxía das Ciencias Sociais é a base para a transferencia didáctica do coñecemento do entorno na Educación Infantil. O espazo e o tempo son os eixos principais sobre os que se desenvolve o ensino-aprendizaxe. O entorno da vida cotiá infantil é obxecto e recurso da acción educativa.</p> <p>O Coñecemento do Medio Natural realízase a través das Ciencias da Natureza. A adquisición de conceptos e metodoloxía das Ciencias da Natureza precisa do desenvolvemento do pensamento científico dos escolares e de habilidades de indagación na aula. Coñecer o traballo científico posibilita comprender e valorar as súas implicacións formativas e sociais. A curiosidade e as características da etapa infantil son obxecto e recurso da acción educativa no eido das ciencias da natureza.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir os coñecementos básicos e necesarios para a comprensión do medio social e cultural e a metodoloxía propia das ciencias sociais e a súa aplicación ao ensino do medio social e cultural.	A6 A18	B3 B9	C1
Adquirir os coñecementos básicos e actuais para a comprensión do medio natural e a metodoloxía propia das ciencias da natureza e a súa aplicación á Educación Infantil.	A6 A18	B3 B9 B10	C1
Desenvolver estratexias de traballo autónomo e en grupo a fin de potenciar a planificación, organización, a discusión, o diálogo e a negociación na fundamentación do ensino. Realización de propostas de materiais didácticos, actividades, proxectos e unidades didácticas e análises de experiencias.	A4 A5 A7 A28 A38 A46	B4 B5	C1
Adquirir a capacidade de transferir os coñecementos teóricos e prácticos da materia aos contextos das aulas de infantil con programacións e proxectos no marco da lexislación.	A1 A3 A4	B10 B12	
Promover o interese, o coñecemento e o respecto polo medio social e cultural propio, valorando o entorno inmediato. Promover o interese, o coñecemento e o respecto a sociedades e culturas diferentes.	A40	B6 B13	C4 C7
Promover a curiosidade e o respecto polo medio natural, valorando a importancia da conservación da diversidade natural e deseñando actuacións para un desenvolvemento sostible.	A40	B6 B13	C4 C8

Contidos

Temas	Subtemas



Unidade 1. O Medio Social e Cultural na Educación Infantil.	Definición e concepto. Relación coas Ciencias Sociais. A aprendizaxe en relación coa psicoloxía infantil.
Unidade 2. Medio Social e Cultural. Os obxectivos do proxecto didáctico.	O currículo. Os contidos: tipos, organización e selección dos contidos. Importancia dos contidos procedementais e actitudinais. As unidades didácticas.
Unidade 3. Medio Social e Cultural. Métodos, procedementos e recursos.	Métodos para o coñecemento do Medio. Recursos didácticos e materiais curriculares.
Unidade 4. Medio Social e Cultural. A avaliación.	Definición e finalidade. Breve revisión histórica da avaliación. Características. Tipos e aplicación na secuencia ensino-aprendizaxe.
Unidade 5. Medio Social e Cultural. O entorno como recurso.	A integración nas coordenadas de espazo e tempo. O entorno do neno na actualidade. A diversidade.
Unidade 6. Medio Social e Cultural. Elaboración de materiais didácticos.	Principios e fundamentos. Contidos e obxectivos. Utilización e selección de recursos. Deseño das actividades. A Arqueoloxía e a Etnografía como modelos.
Unidade 6: Medio Social e Cultural. Temas formativos	-Introdución ao Coñecemento Social e Cultura de Galicia. -Medio e actividade humana. A arquitectura tradicional en Galicia. -Os castros. -O Castro de Elviña.
Unidade 7. O Medio Natural na Educación Infantil.	Definición e conceptos básicos relativos ao medio natural. Relación coas Ciencias da Natureza. Importancia no curriculum de Educación Infantil.
Unidade 8. O entorno como recurso: Diversidade Natural.	Coñecemento do Medio Natural a través de dous conceptos chave: Biodiversidade e Xeodiversidade.
Unidade 9. O Medio Natural. Métodos, procedementos e recursos.	Desenvolvemento do pensamento científico e de habilidades de indagación na aula. O traballo por proxectos.
Unidade 10. O traballo por proxectos: Os seres vivos.	Concepto de ser vivo. Clasificación dos seres vivos. A temática dos seres vivos no traballo por proxectos. Unha adaptación do modelo do traballo por proxectos.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	0	20	20
Proba obxectiva	3	49.8	52.8
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Realizarase un traballo sobre do Medio Natural das características e temas establecidos no anterior curso.
Proba obxectiva	Realización dunha proba escrita final á que poderán acceder o alumnado que non superara a materia en cursos previos. Esta proba estará centrada basicamente na materia impartida nas sesións maxistras do programa e tamén se poderá incluír algún caso práctico relacionado coa materia impartida.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	O alumnado recibirá atención personalizada para a consulta de dúbidas e orientación en relación co temario da materia e o traballo tutelado.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Avaliarase en relación cos criterios establecidos no programa da materia do curso anterior.	25



Proba obxectiva	Proba escrita sobre os contidos teórico prácticos incluídos no programa na tamén se poderá incluír algún caso práctico relacionado cos mesmos. A proba terá dúas partes de acordo coa estruturación da materia: 1. Medio Natural: computa 25. 2. Medio Social e Cultural: computa: 50 Valorarase principalmente a capacidade de estruturación e fundamentación: análise, argumentación, claridade e concreción.	75
Outros		

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Benejam, P. et al (2002). Barcelona: Graó. Barcelona: Graó- Rodríguez Lestegás, F. (1984). Didáctica das Ciencias Sociais na Educación Infantil.. Vigo: Ed. Ir Indo- Cooper, H. (2002). Didáctica de la historia en la educación infantil y primaria.. Madrid: Morata- Aranda Hernando, A.M. (2003). Didáctica del conocimiento del medio social y cultural en la educación infantil. Madrid: Ed. Síntesis
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Caamaño Suárez, M. (2003). As construción da arquitectura popular: Patrimonio Etnográfico de Galicia. A Coruña: Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Galicia.- Bas, B. (1983 (2ª edición 2002)). As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia. Sada: Edicións do Castro, Cuadernos do Seminario de Sargadelos 44- VVAA (1991-2008). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules de edicións- Carballo Arceo, L. X (2000.). Os castros galegos. Vigo: A Nosa Terra

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías